

ACCIÓNS CORRESPONDENTES AO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

Da Resolución de la Consellería do Mar pola que se aproba o Proxecto de Cooperación Interterritorial para a creación dun produto común de turismo mariñeiro MarGalaica, despréndese que o cadro de execución de accións que corresponde executar ao **GALP Golfo Ártabro Norte**, é o que segue:

Actividade / Acción	Importe (€) IVE incluído
Actividade 4. Sitio web e appMarGalaica Acción: Contidos e programación da web A. Fase 1	1.000
Actividade 4. Sitio web e appMarGalaica Acción: Contidos e programación da web A. Fase 2	11.000
Actividade 4. Sitio web e appMarGalaica Acción: Deseño e programación da App A	4.000
Actividade 9. Xornadas técnicas de turismo mariñeiro. Acción: Evento GALP Golfo Ártabro Norte. Fase 1.	500
Actividade 9. Xornadas técnicas de turismo mariñeiro. Acción: Evento GALP Golfo Ártabro Norte. Fase 2.	2.500
TOTAL	19.000

Corresponde, polo tanto, executar durante o ano 2016 dúas accións por valor de 1.500€,

CONTRATACIÓN E FACTURACIÓN.

Para garantir a unidade das actuacións correspondentes a este GALP, optouse por unha contratación conxunta de todas elas.

Orzamentos solicitados e recibidos.

A solicitude de orzamentos corresponde ao total das actuacións, incluídas as que rematan o seu prazo de execución durante 2017.